



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 1 DE MARZO DE 2023

### **PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

### **MEMBROS:**

MANUEL PÉREZ RIOLA  
CARMELA PRIETO CAL  
MAGDALENA PÉREZ VILLAR  
JESÚS ROMERO CARRACELAS  
MANUEL MARTÍNEZ LÓPEZ  
LUÍS RUBIDO RAMONDE  
ESTEBAN BLANCO GARROTE  
ESTHER COUTO LAMIGUEIRO  
MARÍA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS  
MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ

### **AUSENTES:**

Excusan a súa asistencia as concelleiras  
ERMITAS GARCÍA RÍOS  
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

### **SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

### **INTERVENTORA:**

M<sup>a</sup> CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa consistorial do Concello de Cedeira, ás 20:07 horas do día 1 de marzo de 2023, reúnen os membros do Concello Pleno arriba relacionados co obxecto de realizar sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, mediante medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de acordo coa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020.

Actúa como Secretaria da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto. A Presidencia solicita dos membros asistentes autorización e consentimento para a gravación da sesión plenaria, así como a prestación de declaración de atoparse en territorio español, respondendo afirmativamente todos os concelleiros presentes. Constátase o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.



## 1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA

Pola Presidencia informase que este Pleno responde ao requirimento da Demarcación de Costas, xa que se consultou se era posible aprobar o asunto por Decreto da Alcaldía e se indicou que non.

De conformidade co previsto nos artigos 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 79 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, sométese a votación ordinaria a ratificación da urxencia da convocatoria, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

## 2. ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS E PRESCRICIÓNS POLAS QUE PODERÍA OUTORGARSE A CONCESIÓN DE DOUSCENTOS VINTE E TRES METROS CADRADOS (223 M<sup>2</sup>) DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO Á LEGALIZACIÓN DA PONTE A PONTE NOVA SOBRE O RÍO CONDOMIÑAS XUNTO Á PRAZA DO PEIXE NO NÚCLEO URBANO DE CEDEIRA. (EXPEDIENTE 2020/X999/000024)

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 27 de febreiro de 2023, que di:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto: Aceptación das condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de douscentos vinte e tres metros cadrados (223 m<sup>2</sup>), de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino á legalización da ponte A Ponte Nova sobre o río Condomiñas xunto á praza do Peixe no núcleo urbano de Cedeira. (Expediente 2020/X999/000024)**

Visto que con data 20.02.2023 (rex entrada nº 202390000000291) a Demarcación de Costas de Galicia remite a proposta de resolución de data 3 de febreiro de 2023 ditada pola Dirección Xeral da Costa e o Mar pola que se resolve:

*“Someter a la aceptación del Ayuntamiento de Cedeira las siguientes condiciones y prescripciones por las que podría otorgarse la concesión de doscientos veintitrés metros cuadrados (223 m<sup>2</sup>) de terrenos de dominio público marítimo-terrestre con destino a legalización del puente A Ponte Nova sobre el río Condomiñas junto a la plaza do Peixe en el núcleo urbano de Cedeira, en el término municipal de Cedeira (A Coruña).*

#### CONDICION PREVIA

*Será necesario que, previamente al otorgamiento de la presente concesión, el Ayuntamiento de Cedeira se comprometa solicitar la ampliación de la misma con aquellos terrenos antropizados que formen parte de la trama urbana de la localidad de Cedeira, principalmente viales, aceras y jardines de entre aquellos que sean revertidos del dominio público marítimo-terrestre traspasado.*

*NOTA: Deberá contestar con la aceptación expresa, antes de transcurridos DIEZ DIAS a partir de la fecha de recibo de esta notificación. Si no hiciere manifestación alguna en tal plazo, o no aceptara las condiciones ofertadas, se declarará concluido el expediente por desistimiento del peticionario, con base en el artículo 152.11 del Reglamento General de Costas.*

*La aceptación de condiciones y prescripciones deberá realizarse por el Pleno del Ayuntamiento, a no ser que el Secretario certifique que esa competencia está delegada.”*

Visto que á referida proposta de resolución incorpórase:



- o prego de condicións xerais para concesións demaniais nas praias, zona marítimo-terrestre e mar territorial aprobado por Orden Ministerial de 8 de novembro de 1985, publicado no BOE de 19 de novembro de 1985, coas modificacións necesarias para a súa adaptación á Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, informado favorablemente polo Servizo Xurídico con data 2 de xuño de 1989.
- o prego de condicións particulares e prescricións (PCPP).

Polo exposto, **PROPOÑO** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Aceptar as condicións e prescricións, recollidas nos pregos incorporados á proposta de resolución de data 03.02.2023, polas que podería outorgarse a concesión de douscentos vinte e tres metros cadrados (223 m<sup>2</sup>), de terreos de dominio público marítimo-terrestre con destino á legalización da ponte A Ponte Nova sobre o río Condomiñas xunto á praza do Peixe no núcleo urbano de Cedeira, T.M. Cedeira, (A Coruña).

**Segundo.**- Comprometerse a solicitar a ampliación da concesión con aqueles terreos antropizados que formen parte da trama urbana da localidade de Cedeira, principalmente viais, beirarrúas e xardíns de entre aqueles que sexan revertidos do dominio público marítimo-terrestre traspasado.

**Terceira.**- Dar traslado do presente acordo á Demarcación de Costas de Galicia (Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico).”

O Sr. Alcalde di: María, tes algunha intervención sobre isto? Luis?

O Sr. Rubido Ramonde di: Non, ninguna.

O Sr. Alcalde di: Esta autorización xa había caducado. Cando solicitamos no proxecto que se está executando agora que vai a renovación das beirarrúas da Ponte Nova, xa nos dixeron o de sempre: “vos autorizamos, pero tedes que solicitar a concesión, etc”. Como tamén había que solicitar a de Portos, porque nos xardíns da rúa do Mariñeiro o Concello fai o mantemento, paga todo e ó final a ocupación depende das autorizacións deles. Pero tamén é como dis. Calquera día nos piden o Coto de Pantín.

O Sr. Rubido Ramonde di: Ou da Peixeira ó mellor, tamén nos piden a concesión. Portos tamén pretende deslindar, ou pretendía, non sei agora, ata a Ponte Vella.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Máis para arriba, incluso.

O Sr. Alcalde di: Si, primeiro falaban da Ponte Nova. Despois xa ían para a Ponte Vella. Despois chegarán ata San Andrés de Teixido polo río arriba.

O Sr. Rubido Ramonde di: Intentaron cobrar as terrazas.

O Sr. Alcalde di: Si. O que tiña que facer Portos, que xa se intentara no outro mandato, era facer o saneamento do Porto de Cedeira enganchalo ao saneamento municipal. Iso si que era máis importante que todo isto. Sei que é unha obra custosa, pero a Administración ten que facelo igual que nós facemos as nosas. Tamén para a Confraría, para o restaurante Badulaque, para as casetas dos pescadores, para a propia lonxa... ter que andar con fosas, vaciando e todo iso...



O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposta de Alcaldía nos termos no que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 20:15 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ